



SANXIÁN
Anexo de Oia

Sanxián: é este un lugar da antecedente parroquia do Rosal, que por atoparse lonxe, máis de segua e cuarto da Igrexa matriz, e cunha gran montaña no medio, ten capela con capelán para oír misa os seus moradores os días festivos e de precepto; dedicada a Sn. Xulián Mártir, titulado o Cazador, a quen festexan o 7 de Agosto. A este santo chamábano antigamente no país Sn. Xián, e de aquí tomou nome a presente aldea. Dela e da súa capela hai moi antiga mención en escrituras do Mosteiro de Oia, pois en Agosto do ano 1225 Rodrigo Rodriguez fixo doazón á referida casa relixiosa de todo canto lle pertencía na Igrexa de Sta. Mariña do Rosal e na ermida de Sn. Xulián, que é da que falamos. No 1227 Miguel Pérez e a súa muller chamada Muller Boa tamén doaron a dito Mosteiro toda a herdade que tiñan na indicada ermida de Sn. Xulián coa cuarta parte da mesma capela. No 1245 o expresado Mosteiro seguía pleito con García Ramirez e a súa muller Sancha Pérez sobre certas herdades na mariña, preto da ermida de Sn. Xián, e eran estas as de figueiró, Portocelo, Medelo e Sn. Xián. Averiguouse por verdade no litixio ser todas do citado Mosteiro. Outro Pleyto volveu ter este co Concello Xustiza e veciños da Vila da Guarda no 1386 sobre demarcación e pertenza do lugar de Sanxián, no que se deu sentenza a favor do Mosteiro no propio ano, a que, por ser curiosa e interesar ás memorias desta aldea, copiamos aquí, e di así: "Ano da nacensa de noso Señor Jesu Xpto de mil é tres centos e oytenta e seis anos vinte e cinco días do mes de Mayo, saban quantos este instrumento de sentenza viren como Pleyto e contenda era antre o Concello e Juiz e Alcaides e homes boos da Vila da Garda da hua parte, e D.n fr Estebo Lourenzo Abade e Convento do Monasterio de S.ta Maria de Oya da outra parte por ante Afonso de Parada Juiz da dita vila da Garda por razon que ó dito Concello e homes boos de elle decían: Que os moradores de Sanjian que debían á viür a Vila e pagar os tributos con os moradores do couto de dita vila así como os outros moradores do dito couto da Garda. E o Abade por si e poslo





convento decían que non, a razón, porque estaban en o pose pacífica de dez, vinte, trinta, cuarenta, cincuenta sasenta anos e muyto mais que a memoria dos homes non he en contrario dos que moraban en o dito lugar de Sanxiao que eran couteyros do dito Monasterio e davan as jeiras e pagaban o pedidos e facían coutaría segundo os outros moradores no dito couto: e que farian certo por homes antigos, e outro sí por un Privilegio de Emperador D.n Alfonso pello qual poderían ver certamente as divisioens e departamentos da antre un couto e outro. E estando assi o dito pleyto, e as ditas partes receando danos e custas que se ende seguieran, vieron a tal avienza que o dito Juíz que vise o dito Privilegio, e outro sí que soubese dos homes mais antigos do couto da Garda pella guisa que usaron sempre, e librase sobre ello ó que achase por dereyto. E o dito Juíz asignou día en que veesen oír sentencía a o qual día apareceron as ditas partes por ante o dito Juíz, e demandaron que librase sobre lo dito pleyto o que achase por dereyto; e o dito Juíz deu esta sentencía que tal he: Eu Afonso de Parada Juíz sobre dito visto ó dito pleyto antre os ditos Abade e Convento do dito Monasterio de hua parte e o Concello da Vila da Garda e veciños e moradores della da outra, e visto o dito Privilegio que me mostrou o dito Abade do Convento e o contendo en o dito Privilegio; e outro sí o dito dos homes antigos que sobre ello juramentey abudo acordo e consello sobre esto con homees boos letrados sabedores en foro e en dereyto, atento a que o dito Abade e Convento do dito Monasterio de S.ta Maria de Oya mostrou ben claramente as ditas divisioens pello dito Privilegio dentre o Couto do dito Monasterio de Oya, e o Couto da dita Vila da Garda, e mando por sentencía que lle seya gardado e mantudo o dito Privilegio en todo e por todo segundo que foy hasta aquí e selle mellor e mais compridamente conten en o dito Privilegio. E por sentencía de Juízo ó pronuncio todo assi. E mostrada e leída a dita sentencía ante o dito Juíz presentes as ditas partes, o dito D.n Abade por sí e en nume do dito Convento do dito Monasterio disse que recibía a sentencía e que sonsentía en ella. Esto foy en a dita Vila da Garda a os días e mes e era sobre dita Vc." Seguen os nomes dos testigos que presenciaron a sentencía, e as firmas do Juíz e escribán. O Privilexio do Emperador Dn. Alfonso que aquí se cita porémolo á letra na historia do Mosteiro de Oia onde o pode ver quen goste. Habitan este lugar de Sanxiao 20 veciños, cuxo número xa vai incluído no dos da matriz; pero os de aquí corresponden polo contencioso político e gubernativo á Xustiza da Guarda, e parte nos mesmos casos á de Oia, servíndo de división un regueiro que baixa atravesando polo medio da aldea ata introducirse na mar. Valen os seus décimos 2.400 reais,

que pagan os seus moradores ao Abade e sen Cura do Rosal pola Orde que lle fai a matriz. No ano de 1796 os veciños desta aldea solicitaron en xuízo contencioso ante o Provisor de Tui o desmembrarse do Rosal e erixíla en parroquia enteiramente independente de aquela, e niso conveu o Abade da matriz Dn. Melchior de Sandoval por atopar moi xusta a pretensión; e substanciado o expediente, e a consecuencia de Ordes da Real Cámara de 12 de Marzo e 8 de Xuño do indicado ano por auto que proveu o Sor. Bispo Dn. Xoán García Benito en 7 de febreiro de 1806 erixiu o lugar de Sanxían en vicaría perpetua desmembrándoa do Rosal só para o efecto da administración de Sacramentos, e non para outro algún, declarándoa de concurso, e dotándoa coas rendas da Capela colativa de libre colación titulada de Quintandona sita no Rosal, e máis 200 Ducados sobre os partícipes de décimos á prorrata dos que cada un leva. E pediuse a auxilatoria á referida R. Cámara, que a expediu o 9 de Abril do propio ano 1806. Pero ata agora non se chegou a realizar a erección desta parroquia, ignoramos por que causa. Confina Sanxían co Océano. Dista de Tui 4 leguas, en moitas partes de mal camiño.” (Ávila y La Cueva, 524-527).

Igrexa

Antigamente pertencía á parroquia do Rosal.

En 1796 os veciños solicitan que se declare parroquia independente e en 1806 o Bispo Xoán García Benito eríxea como vigairía perpetua. Non se erixiu como parroquia e pasou a ser anexo de Oia.

A igrexa é moi sinxela. Consta dunha soa nave rectangular, e o presbiterio que é un corpo cadrado máis alto e ancho que a nave. Polo sur engadíuselle a sancristía ao lado do presbiterio.

En todos os esquinais presenta un apilastrado sinxelo como apoio da cornixa en media cana que acolle o tellado.

Este é a dúas augas na nave, e no presbiterio a catro, adornando os esquinais con pináculos e tamén o cumio.

A ábsida ten máis altura que a nave e a bóveda de cruzaría de pedra cos nervos moi resaltados e clave colgante.

A **fachada occidental** (332) non ten máis adorno que as pilastras extremas, a cornixa que ascende e fai de base da espadana e unha fiestra rectangular de derrame externo para dar luz na tribuna e na nave colocada sobre a única porta de acceso.





A espadana é dun só oco e adórnase no seu remate con cruz pétrea e pináculo de bola extremos.

Conserva un **retablo** (335) que ocupa o paramento da capela maior feito coa recuperación de elementos barrocos dun retablo anterior.

Na súa predela, catro ménsulas con adornos vexetais e un apoio para o sagrario que ocupa parte da rúa central.

O corpo divídese en tres rúas. A súa separación faise con catro columnas. As extremas son salomónicas adornadas de parra e acios de uvas. As internas son de clásicas, con separación por un anel no primeiro tercio, e adórnanse con follaxe e paxaros.

Nas rúas laterais as imaxes apóianse en peañas e na rúa central unha fornela enmarcada e pouco fonda acolle a **S. Xulián bispo** (333) e o relicario que contén un fragmento de tecido da urna sepulcral do mesmo, coma consta na **auténtica** (334).

No ático outra fornela para acoller a **Sta. Liberata** (336) e dúas peaña con santos.

Nun lateral da mesa de altar está unha fermosa imaxe barroca da **Virxe do Rosario** (337).

O adro está rodeado de muro propio e foi cemiterio.

Nel había un **antigo cruceiro** (338) que se trasladou para a praza próxima.

A súa base é irregular e xunto con tibias e calaveras ten a seguinte inscrición percorrendo as súas caras: "ME MANDO FAZER + 1573 GR ESTEBEZ".

O fuste, circular e estriado, componse de dúas pezas. O seu capitel é esférico e tamén se adorna con tibias. A cruz ten os paus rectangulares. No anverso baixo a cartela co INRI presenta un Cristo moi estilizado. No reverso sobre unha pequena peaña está a Virxe en actitude orante coas mans xuntas.

FESTAS E ROMAXES DE SANXIÁN:

- S. Xián: 7 de xaneiro.

